

**8 DE MARZO 2013**  
**DÍA INTERNACIONAL DA MULLER**

Hoxe, 8 de Marzo, o Concello do Grove, conmemora o Día Internacional da Muller Traballadora. O Consello Local da Igualdade únese ás mulleres de todo o mundo que alzan a súa voz para denunciar as inxustizas e reclamar os seus dereitos, e lembrar que é preciso loitar os restantes 364 días do ano.

105 anos despois de que 146 mulleres traballadoras dunha fábrica textil de Nueva York morreran calcinadas mentres loitaban por unha mellora salarial, púdose grazas ao esforzo colectivo superar moitos obstáculos. Mais a realidade amosa que as diferenzas seguen a existir, e que aínda que a Constitución Española consagra a Igualdade entre mulleres e homes, os datos revelan unha situación ben distinta:

Mentres a presenza das mulleres é maioritaria nas Universidades cun 60% de graduadas, no mercado laboral perciben ata un 22% menos de salario polo mesmo traballo que un home.

A taxa de paro feminino supera á dos homes.

De igual xeito que cada vez son máis as mulleres que montan o seu propio negocio, son as mulleres as que soportan maior taxa de temporalidade no emprego que os homes e maior acoso laboral.

E sobre todo, recaen nas mulleres as cargas familiares, tanto no coidado dos fillos como dos maiores, e son as mulleres as que cada ano sofren a violencia machista.

Queda un longo camiño por percorrer e debemos romper ese teito de cristal e acadar a igualdade a través da conciliación e da corresponsabilidade.

Reformas nas leis, amparadas na crise, fan que se acentúen as diferenzas, e só o traballo sen descanso dos que cremos na Igualdade a todos os niveis, permitirá adiantar un futuro que acerque a homes e a mulleres á Igualdade real sin permitir nin un paso atrás.

